

# **PROXECTO LINGÜÍSTICO**

CEIP O BOLO

## 1. INTRODUCCIÓN

No seu artigo 5 o Estatuto de Autonomía de Galicia define o galego como a lingua propia de Galicia, que son oficiais os idiomas galego e castelán e que todos teñen dereito a coñecelos e usalos.

De todos é sabido que a lingua considérase patrimonio cultural dun pobo e obxecto de respecto e protección, constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

Dende sempre adquirir dúas linguas a un tempo nunca debeu nin debe presentar un problema, senón todo o contrario, é unha riqueza que de xeito favorable influirá posteriormente na adquisición doutras linguas, velaí o caso de estados coma o noso, e outros, onde se falan ata 4 linguas, xa que as aprendizaxes transfírense espontaneamente.

O noso proxecto lingüístico ten como finalidade o desenvolvemento da Lei de Normalización lingüística 3/1983 e máis concretamente do Decreto 79/2010, do 20 de maio, no que se regulan as medidas adoitadas de cara á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, propiciando a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar.

Na sociedade na que vivimos cada vez é máis importante o valor da comunicación. Desde o centro temos a convicción de que temos que formar a persoas que se poidan desenvolver nun mundo cada vez máis globalizado e que as linguas non deben supor limitacións ás nosas capacidades senón un enriquecemento que nos abra fronteiras.

Partimos da base que vivimos nunha sociedade plurilingüe e esta realidade, como non debe ser doutro xeito, supón o punto de partida do noso Proxecto Lingüístico.

A competencia en comunicación lingüística ten, entre as oito competencias básicas establecidas pola normativa, un papel especial na escola. Ademais de ser un factor fundamental para as relacións sociais no centro, do seu desenvolvemento depende en gran medida a participación e as posibilidades de éxito de cada estudante na actividade académica. Neste sentido, calquera centro que desenvolva un programa de educación lingüística (ensino de contidos a través das linguas estranxeiras, promoción da lectura, ensino, etc.) debe contemplar esta actividade de innovación educativa no seu Proxecto Educativo de Centro. A concreción que se realice no Proxecto Educativo de Centro de todas aquelas medidas destinadas á promoción ou ensino das linguas denomínase Proxecto Lingüístico de Centro (PLC).

Fundamentalmente, o PLC debe recoller as decisións que adopte o centro para a educación lingüística do alumnado, incluíndo:

- decisións macro (distribución de linguas na escola e o currículo, decisións sobre as linguas maternas dos estudantes e sobre as linguas ambientais, decisións respecto da avaliación da competencia en comunicación lingüística do alumnado e decisións metodolóxicas xerais respecto do ensino-aprendizaxe das linguas).
- decisións micro (relacionadas basicamente coas decisións respecto do ensino das linguas de escolarización, as linguas estranxeiras e o discurso no resto das materias e áreas do currículo).

Para levar a cabo o seu labor, o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) pode centrarse en catro grandes actuacións, que comentaremos a continuación: currículo integrado das linguas, aprendizaxe integrada de contidos e linguas, avaliación de diagnóstico e atención á diversidade. Cada unha deste catro actuacións atende a necesidades presentes nos centros e mediante as cales o PLC pode contribuir a unha educación lingüística de calidade para todo o alumnado.

### **- Proxecto Lingüístico de Centro e Currículo Integrado das Linguas**

Se o Proxecto Educativo de Centro (PEC), segundo a Lei Orgánica de Educación, debe conter “as liñas xerais de actuación pedagóxica e a coordinación e concreción dos contidos curriculares”, nun centro onde as linguas sexan un elemento central do currículo - e cústanos imaxinar un centro onde este non sexa o caso -, o PLC pode axudar a coordinar o ensino de linguas mediante a elaboración dun “currículo integrado das linguas”.

Neste sentido, o currículo integrado das linguas é a resposta educativa á competencia plurilingüe (Cummins, 1979, 1994). Se os usuarios das linguas utilizan a súa competencia plurilingüe para resolver tarefas en distintas situacións comunicativas, a mellor estrutura educativa implica o ensino coordinado das linguas na escola.

Para iso, o PLC pode recoller a relación existente entre as linguas presentes no currículo, e especialmente as situacións e tarefas compartidas por todas as linguas.

### **- Proxecto Lingüístico de Centro e Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas**

A Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas é unha corrente asentada en Europa para o ensino de linguas adicionais (Lorenzo, 2007), así como tamén é unha proposta fundamental para o ensino de segundas linguas a persoas de orixe estranxeira (Trujillo Sáez, 2005). A linguaxe permite a interacción e a construción do coñecemento na aula e é un motor de organización do pensamento (Jorba, Gómez e Prat, 2000). Por iso, un traballo coordinado de ensino de linguas e dos contidos doutras áreas curriculares presenta múltiples vantaxes para o alumnado.

As **áreas** lingüísticas teñen entre as súas metas o traballo cos textos académicos das áreas non-lingüísticas; as áreas non-lingüísticas son, á súa vez, poderosas ferramentas para o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, ampliando o acceso a distintos ámbitos e dominios do coñecemento. A integración da aprendizaxe de linguas e contidos artículase desde unha dobre vía: as áreas lingüísticas e as áreas non-lingüísticas. Nas primeiras, o profesorado asume como material de traballo o discurso académico e os textos das restantes materias e áreas de coñecementos. Nas áreas non-lingüísticas, o profesorado utiliza a lingua meta e, para promover o seu desenvolvemento, propón en clase tarefas e actividades que axudan a que o seu alumnado domine os recursos lingüísticos propios da súa materia ou área de coñecemento, fundamentalmente a través do traballo co léxico especializado e as interaccións propias de cada materia ou área de coñecemento.

Para conseguir este proceso de dobre vía, o PLC pode recoller todo o concernente ao proceso de integración das linguas e contidos, tanto dentro da aula como fóra dela: os axustes que deba realizar o profesorado nas materias non-lingüísticas, o traballo que realicen as materias lingüísticas ao redor dos textos académicos, a necesaria formación permanente do profesorado para poder levar a cabo este proceso, os mecanismos de control e avaliación que se poñan en funcionamento, a presenza ou non de profesorado axudante ou auxiliares de conversación ou as actividades extraescolares e complementarias que se realicen no centro. En definitiva, o PLC é a ferramenta que permite planificar, desenvolver, coordinar e avaliar a integración de linguas e contidos no currículo.

### **- Proxecto Lingüístico de Centro e Avaliación Individualizada**

A Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE), establece a obrigatoriedade de realizar por parte dos centros educativos unha Avaliación Individualizada ao finalizar o terceiro e o sexto nivel de Educación Primaria. Nesta avaliación mídese o nivel de desenvolvemento das competencias básicas dos estudantes cunha intención orientadora e formativa. É dicir, tras a avaliación é necesario analizar os datos para regular a aprendizaxe, establecendo as medidas oportunas no caso de que sexa necesario resolver dificultades no proceso de crecemento das competencias básicas.

En relación coa competencia en comunicación lingüística, o PLC pode ser o marco dentro do cal articular as propostas de mellora oportunas. Son moitas as propostas que xa están presentes na escola, aínda que poderíamos destacar algunhas pola súa efectividade contrastada:

- Compromiso de produción periódica de textos significativos nas distintas áreas de coñecemento.
- Plan de lectura e biblioteca.
- Utilización intensiva do TIC con sentido creativo.
- Aprendizaxe cooperativa para a mellora das destrezas orais.
- Utilización do Portfolio Europeo das Linguas como mecanismo de autoaprendizaxe, etc.

Por último, de igual modo que o Proxecto Educativo de Centro ordena a relación entre o centro e as familias, o PLC pode conter propostas de aprendizaxe de linguas en conexión coas familias: lectura en familia, participación de pais e nais na vida da biblioteca, actividades complementarias e extraescolares que contribúan ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística organizadas por e para as familias, etc. En definitiva, o PLC permite pór ao servizo dos estudantes todos os recursos do centro para unha educación lingüística de calidade.

#### **- Proxecto Lingüístico de Centro e Atención á Diversidade**

O PLC é decisivo en relación coa atención á diversidade por diversos factores.

En primeiro lugar, o PLC, como parte do Proxecto Educativo de Centro, é unha ferramenta fundamental de construción de escola inclusiva, posto que as linguas son un factor fundamental de inclusión. En segundo lugar, boa parte dos problemas aos que se ten que enfrontar o noso alumnado son problemas lingüísticos. Por último, a atención á diversidade require unha actuación global en distintos ámbitos de intervención e é, por tanto, necesario contemplar desde as estratexias de aula até o apoio na aula e fóra dela, desde a adecuación do currículo até os aspectos organizativos ou a cooperación entre o centro e a contorna.

O PLC pode incluír dous tipos de medidas en relación coa atención á diversidade: xenéricas e específicas. As medidas xenéricas atópanse activas de maneira permanente e configuran unha forma de traballo normalizada nos centros; entre estas medidas atópanse a elección das estratexias de ensino de linguas máis eficaces (enfoque orientado á acción, enfoque baseado en tarefas, ...), a xestión de recursos na aula e no centro (aprendizaxe cooperativa, grupos interactivos, adultos voluntarios na aula, etc.), e uso do TIC (procura de información, construción social do coñecemento...).

As medidas específicas, doutra banda, actívanse segundo a necesidade que teña un estudante nun momento determinado do traballo escolar, aínda que é evidente que haberá medidas específicas que deberán manterse activas durante tanto tempo como sexan necesarias para o estudantes. Entre estas medidas específicas de atención á diversidade desde o PLC pódense incluír as seguintes:

- Avaliación do alumnado e procura de información pertinente sobre temas relacionados coa competencia comunicativa do alumnado (discapacidade, lingua materna do alumnado, etc.).
- Intervención en relación con alteracións da linguaxe oral e escrita.
- Uso de sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
- Ensino do español como nova lingua a estudantes falantes doutras linguas.

En todo caso, estas medidas xenéricas e específicas débense desenvolver, sempre que sexa posible, nun grupo ordinario a tempo completo e, cando sexa necesario, con apoios dentro do grupo.

Este proxecto remitiráselles cada catro cursos escolares aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste ao Decreto 79/2010 do 20 de maio e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal consten os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

## **2. MARCO LEGAL.**

O Proxecto Lingüístico de centro forma parte do P.E.C e é redactado por unha comisión de profesorado designado polo equipo directivo, oída a comisión de coordinación pedagóxica, tendo especial implicación o equipo de normalización e dinamización lingüística.

Atendendo a Lei 3/1983 do 15 de xuño, garántese a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. No seu artigo 14 establécese como obxectivo principal, que ao remate do ensino obrigatorio os alumnos e alumnas dispoñan de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

O Plan Xeral de Normalización de lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, establece como obxectivo xeral conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, considerando ao ensino como sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego.

O decreto 124/2007 do 28 de xuño presentou entre outras a novidade no seu artigo 14, da elaboración do Proxecto Lingüístico de centro, que continúa co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que introduce cambios respecto do anterior decreto.

### 3. XUSTIFICACIÓN.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, fai fincapé no papel fundamental das linguas como elemento básico de identidade cultural e valor de cohesión dunha comunidade. A Constitución española sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección. No ámbito autonómico, o Estatuto de autonomía de Galicia, define o galego como lingua propia da nosa comunidade e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. A incorporación da lingua galega ao ensino, entre outros ámbitos, posibilitase en virtude da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que, así mesmo, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia.

Por outra banda, a realidade social europea na que nos atopamos inmersos, nun contexto no que a mobilidade laboral e a globalización se manifestan claramente, sitúanos nun espazo internacional caracterizado polo plurilingüismo. Para atender esta necesidade de tipo social, faise necesario facilitar ao alumnado unha capacitación efectiva nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, de acordo co especificado na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que inclúe como obxectivo a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

En relación cos aspectos xa comentados, o novo marco normativo establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo, coa finalidade de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia e acadar, así mesmo, a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia. Ademais, os principios de elaboración do citado Decreto recollen, entre outros, a garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, así coma a promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

Neste proxecto lingüístico, detállanse as actividades e estratexias de aprendizaxe que se poñerán en marcha coa finalidade de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais, de acordo co especificado no Artigo 5º punto 4 do Decreto 79/2010, do 20 de maio. Ademais, no tocante ao contido do Artigo 11º do citado Decreto, relativo á potenciación da lingua galega nos centros, se mencionará explicitamente



neste documento o programa de actividades de fomento da lingua que se desenvolverá no centro contando coa participación de toda a comunidade educativa, prestando especial atención ás liñas de actuación encamiñadas ao incremento no uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

De acordo co artigo 15º punto 3 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, o equipo de dinamización da lingua galega terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega a desenvolver no centro educativo.

O Proxecto Lingüístico nace da necesidade de traballar de forma colaborativa e organizada nos Centros de Ensino, co fin de conseguir que os nosos alumnos e alumnas adquiren as destrezas propias da competencia comunicativa, de tal maneira que melloren significativamente en todas as áreas e adquiren o resto das competencias básicas.

A competencia comunicativa é un instrumento esencial para a adquisición do coñecemento. O Proxecto Lingüístico integra os Proxectos que xa funcionan nos Centros e que están ao servizo das competencias comunicativas, principalmente o Proxecto de Lectura e Biblioteca e o Proxecto TIC.

## **4. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.**

### **4.1. Introducción:**

O CEIP O Bolo está situado nunha zona do rural da provincia de Ourense, concretamente na aldea de O Bolo, que é cabeceira do Concello. Xeográficamente, este Concello está situado na parte oriental da provincia, nunha zona de montaña con núcleos de poboación dispersos entre sí e pouco poboados cunha escasa infraestrutura e con poucos transportes públicos.

Con máis de trinta anos de historia docente, o CEIP O BOLO é un dos centros máis veteranos da comarca de Valdeorras.

### **4.2. Contexto sociolingüístico do Centro.**

O CEIP O Bolo, é un centro situado no medio rural, cunha clara realidade galego falante nas familias. A Lingua Galega está completamente normalizada a nivel oral entre os habitantes tanto das aldeas que conforman o Concello como os do núcleo de O Bolo. As  
ceip.dobolo@edu.xunta.es

figuras institucionais máis relevantes empregan a lingua galega para a súa comunicación a nivel escrito e oral.

#### **4.3. Situación do profesorado.**

Durante o presente ano académico son catro os mestres que integran o claustro de mestres (un mestre con carácter definitivo, un con carácter provisional e dous mestres interinos) que empregamos de xeito normalizado a lingua galega para comunicarnos entre nós, coas familias, co persoal non docente e cos alumnos a nivel escrito e oral. A nivel oficial as comunicacións orais e escritas realízanse en galego.

#### **4.4. Criterios para determinar a lingua predominante do controno.**

- **Enquisa lingüística entre o alumnado e as súas familias:**

Elaboramos un modelo de enquisa que fose facilmente aplicable a todo o alumnado máis as súas familia. Cos datos obtidos confirmaremos dun xeito máis rigoroso o que xa sabemos informalmente acerca da realidade lingüística do centro.

- **Observación directa:**

A observación directa do alumnado por parte do profesorado do centro aporta datos de gran interese para o coñecemento da realidade sociolingüística do noso entorno.

Moitos parámetros asociados a comportamentos relacionados con actitudes disglósicas, uso de lingua A ou B en función de distintos contextos de comunicación, etc., son datos que unha boa actitude de observación do profesorado pode aportar para a súa delimitación exacta.

Para o rexistro destas observacións o equipo de Dinamización facilitará fichas de observación para o profesorado e así mesmo poderanse realizar anotacións nun anecdotario.

- **Atlas lingüístico.**

Os datos que pode aportar o Atlas Lingüístico son razoablemente fiables para os valores de tipo de poboación que alí se manexan. Polo tanto poderemos consultar estas ferramentas realizadas por profesionais da lingua e con mostraxes e métodos científicos de cuantificación dos resultados.

#### **4.5. Situación do sector do alumnado.**

A lingua materna, na maior parte do alumnado do centro, é a lingua galega, sendo empregada por eles a todos os niveis en comunicacións formais e non formais.

#### **4.6. Ambientalidade Lingüística do centro.**

O galego, como ben expresamos nos puntos anteriores, é a lingua de uso maioritario no noso centro, empregándoa a nivel formal e non formal, de xeito escrito (convocatorias, circulares, certificados, boletín de notas, publicacións, outros documentos administrativos, etc.) e oral (atención ás familias, etc.).

#### **4.7. Indicador global. Determinación do contorno sociolingüístico do centro.**

Unha vez analizados os resultados das enquisas, concluímos que os nenos e nenas usan a lingua galega maioritariamente, facendo un uso testimonial da lingua castelá.

### **5. DISTRIBUCIÓN DO CURRÍCULO:**

#### **5.1. Educación Infantil:**

O decreto 79/2010, no seu Artigo 5º.1 referido á *Educación infantil*, dí:

*1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.*

*2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.*

Existe unha única unidade que agrupa na mesma aula aos tres cursos do 2º ciclo ( 3, 4 e 5 anos) que agrupa a sete alumnos.

Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado de 4º de E. Infantil, para obter información con respecto da lingua materna predominantemente, foron as seguintes:

- Castelán: 0 familias.

- Galego: 3 familias.

- Galego e Castelán: 1 familias.

Dos resultados anteriores establécese como lingua predominante do alumnado de 4º de Infantil o galego polo que, tal como establece o Decreto de Plurilingüismo, *o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado (no noso caso o galego), ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.*

Atendendo a este criterio, en todos os cursos, a lingua vehicular en Educación Infantil no noso centro é o galego..

## **5.2. Educación Primaria:**

O decreto 79/2010, no seu Artigo 6º.1, 2 e 3 e 4 referido á *Educación Primaria*, dí:

*1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.*

*2. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.*

*3. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.*

*4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas....*

*Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.*

Xa introducida a LOMCE en toda a primaria modifícase o proxecto lingüístico, adaptándose ao Decreto para o Plurilingüismo. Así, en toda a primaria, impartirase en galego as materias de Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Física e Relixión.

No seguinte cadro amósase a lingua a empregar para a impartición de cada área:

NIVEIS	MATERIAS E IDIOMAS										
	L.CAST	L. GAL	MATEM	INGL	EF	PLÁST.	MÚSICA	RELIXIÓN	C.S/CN	T.L	V.SeC
1º EP	Castelán	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Inglés	Castelán	Castelán	Galego		
2º EP	Castelán	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Inglés	Castelán	Castelán	Galego		
3º EP	Castelán	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Inglés	Castelán	Castelán	Galego		
4º EP	Castelán	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Inglés	Castelán	Castelán	Galego	Castelán	
5º EP	Castelán	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Inglés	Castelán	Castelán	Galego		
6º EP	Castelán	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Inglés	Castelán	Castelán	Galego	Castelán	

Salientamos que aínda que o idioma que se emprega con normalidade no ensino das clases de Lingua Estranxeira: Inglés é precisamente o inglés, cando o mestre ten que facer uso doutra lingua na clase (unha explicación, un aviso...) faino en Galego.

## 6. OBXECTIVOS.

Respondendo a un contorno galego falante e como pautas para a planificación do noso proxecto lingüístico, centraremos en dous obxectivos xerais:

- Que o alumnado aumente a competencia e uso habitual do castelán.
- Que acaden unha axeitada competencia en castelán ao remate da etapa.

### 6.1. Para o centro.

6.1.1. - Participar en iniciativas/concursos/certames que fomenten o uso do galego e do castelán.

### 6.2. Para o profesorado:

6.2.1.- Propiciar a reflexión lingüística e sociolingüística no centro.

6.2.2.- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego.

6.2.3.- Difundir na comunidade escolar toda a información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos que poidan contribuír a unha mellora na docencia, prestándolle especial atención aos relacionados coas TICs.

### **6.3. Para o alumnado:**

6.3.1.- Artellar actividades para favorecer a expresión oral en castelán.

6.3.2.- Conseguir que o castelán, como lingua que é, sexa aceptada como unha das manifestacións da súa propia cultura.

6.3.3.- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade en ambas dúas linguas, co fin de facilitar e acadar un correcto e eficaz emprego das mesmas.

6.3.4. - Aprender e ampliar o vocabulario en castelán.

6.3.5. - Expresarse con fluidez, tanto de xeito oral como escrito, en castelán.

6.3.6. - Ser quen de manter unha conversa en castelán.

6.3.7. - Ler con fluidez en castelán.

6.3.8. - Coñecer celebracións tradicionais da cultura española.

## **7. MEDIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS.**

- Utilizaranse os textos en galego nas áreas que se impartan nesta lingua.

- En todas as aulas haberá dicionarios tanto de castelán como de galego, así como varios exemplares na biblioteca do centro. Tamén en cada titoría haberá un exemplar coas novas normas ortográficas de ambas linguas.

- Aumentaranse os volumes de libros en lingua castelá na biblioteca do centro e nas distintas bibliotecas de aula.

- Aumentarase o material fonográfico e informático en castelán.

- Nas áreas impartidas en castelán a lingua vehicular será o castelán.

- Fomentarase a participación en concursos, certames, etc nos que a lingua vehicular sexa o castelán.

- Celebraranse certames literarios/narrativos en castelán.

## **8. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO NO QUE AFECTA O FOMENTO DE PLURILINGÜISMO**

- Emprego de recursos axeitados para aquel alumnado que descoñeza a lingua galega ou castelá e que acuda por primeira vez ao centro.
- Solicitar apoio á especialista de Audición e Linguaxe e a Orientadora do Departamento de Orientación en cuanto a materiais se refiren.
- Continuar coa implementación do Programa Portfolio. Dende o curso 2008-2009 estase a levar a cabo este programa no centro. Tanto en Infantil como en Primaria planifícase unha unidade didáctica cada trimestre para desenvolver tanto a nivel oral como escrito as linguas que se imparten no centro.

## **9. MEDIDAS PARA MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO:**

- **Elaboración da revista escolar Choupín**

Esta revista édítase dende hai máis de 20 anos e recolle os traballos realizados polos alumnos e alumnas nas distintas linguas, os traballos de investigación e os creativos, pasatempos, contos, cómics... co fin de reforzar o interese pola escrita nos tres idiomas.

- **Obras de teatro.**

Esta é outra das actividades que normalmente se veñen desenvolvendo para fomentar a oralidade entre o alumnado, e que coidamos debe seguir sendo un eixo importante no campo normalizador e dinamizador das linguas que conviven no centro.

As representacións teatrais son un gran estímulo para os rapaces e rapazas que as interpretan así como ao resto dos compañeiros/as, os pais e familiares que acoden ás súas representacións. Coidamos que non só o ensaio, senón a preparación dos decorados, vestiarios, etc... son espazos nos que se debe coidar a presenza dos idiomas entre o alumnado.

- **Lectura dramatizada e recitado de poesía.**

De menor custo en traballo e infraestruturas cas montaxes teatrais, pero aínda así de grande interese, é a lectura dramática de textos.

- **Actividades complementarias.**

Nas actividades complementarias e extraescolares tratarase de buscar un equilibrio entre linguas. No noso centro, os membros do Claustro estamos por darlle un enfoque globalizador ao emprego das tres lingua.

- **Adquisición de material didáctico en colaboración coa biblioteca.**

Moitas veces a realización de actividades didácticas sobre distintos temas ou centros de interese, vense dificultados pola ausencia no centro de materiais didácticos nas diferentes linguas. A biblioteca de centro pode e debe recoller as solicitudes de materiais feitas polo profesorado e proceder a adquisición destes recursos, ou procurar dentro dos catálogos das editoriais as ofertas que se axusten ao requirido polo profesorado do centro.

- **Concursos literarios.**

Moitas veces participamos en concursos a nivel estatal, galego ou mesmo provincial, polo alicerce motivador que supoñen. Sen embargo este mesmo carácter distante do concurso dificulta un seguimento do mesmo, saber como quedamos situados nel, ou mesmo percibir os premios como algo real, co que, ao cabo, poden chegar a resultar frustrantes. Proponse a realización dalgúns concursos no propio centro, co que se gaña en achegamento aos alumnos/as e en motivación para a participación.

- **Celebracións.**

- Samaín/Halloween.
- Magosto.
- Entroido.
- Nadal/Christmas.
- Día da Paz.
- Easter.
- Día de la familia.
- Constitución Española.
- Día de Rosalía.

Ademáis destas celebracións, levaranse a cabo todas as recollidas na Orde do 12 de xuño de 2017 pola que se aproba o calendario escolar para o presente ano académico.

- **Recollida de materiais de tradición oral entre as familias para posteriormente traballalos na clase e usalos como centro de interese nas distintas materias.**



Este tipo de actividades resultan especialmente atractivas e motivadoras para o alumnado como xa se ten demostrado en ocasións anteriores nas que se puxeron en práctica. O traballo de recollida achega as familias á escola e revive o espazo de transmisión cultural que, ata o de agora, foi o encargado do paso dos idiomas de xeración en xeración. Valoralo dende a escola é, sen dúbida, un paso moi importante para que o alumnado tamén o valore. Salientar que se ten solicitado ao Centro da Cultura Popular “Xaquín Lorenzo” da Deputación Provincial de Ourense a impartición de obradoiros de Xogos tradicionais galegos, que se teñen lugar durante unha sesión escolar dun día da semana en dúas semanas consecutivas consecutivos, neste caso potenciando a lingua galega..

- **Radio Escolar.**

No curso 2015-2016 comezamos co proxecto Radio Escolar “O Bolo na Onda” co obxectivo de fomentar o uso da lingua castelá pero sen obviar o uso das outras dúas linguas.

- **Encontros con ilustradores e contacontos.**

- **Utilizacións didácticas.**

Co emprego de internet, na páxina web do centro e outras páxinas, poderemos atopar recursos para facer un uso didáctico deles, aparte de servirlles como divertimento e motivación e material de traballo.

*Os obxectivos son os seguintes:*

- Emprego de novas tecnoloxías, as TICs, onde os alumnos e alumnas poñan en marcha estratexias de búsqueda, filtraxe, selección e estudo crítico de páxinas web en diferentes linguas.

- Utilizar as TICs para buscar información e poder elaborar eles mesmos os seus traballos que serán recollidos na web do centro.

- Difundir na nosa web as actividades de fomento da lingua realizadas no noso centro para o coñecemento de toda a comunidade educativa.

- **Exercitar a tradución ao galego de textos poéticos e narrativos en castelán e viceversa.**

Xa que queremos contar cun alumnado competente nos diferentes idiomas da comunidade, a tradución de pequenas obras literarias dunha lingua a outra pode axudar a este obxectivo.

**OUTRAS MEDIDAS DE FOMENTO DA LINGUA:**

- \* Ofrecer a colaboración do E.D.L. e animar aos diferentes departamentos a que efectúen os seus proxectos didácticos nas diversas linguas, así como calquera outro documento oficial, sendo axentes normalizadores.
- \* Facerse eco das actividades que se leven a cabo fóra do centro e que estean relacionadas coa cultura galega.
- \* Mostrar dispoñibilidade para axudar a traducir e para corrixir calquera documento, comunicación, etc. que se produza no ámbito docente ou administrativo.
- \* Fomentarase o uso oral e escrito das diferentes linguas que se imparten no centro.
- \* Organizar actividades que motiven o alumnado a aprender, usar e estimar a lingua vernácula, procurando que atopen nelas un xeito de divertimento.
- \* Intentarase equiparar a dotación de material bibliográfico, multimedia...nas diferentes linguas : castelán , galego e inglés.
- \* Poñer a disposición do profesorado o material inventariado.
- \* Coñecemento das disposicións e instrucións sobre o uso da lingua.
- \* Nivel de cumprimento acadado: Aínda que na utilización da lingua galega como lingua vehicular do ensino cumprimos coa lexislación vixente, temos que mellorar e aumentar o noso uso da lingua galega.
- \* O Centro potencia a realización de cursos para o profesorado, administración...para mellorar a competencia lingüística.
- \* Actuacións postas en marcha co pulo do Equipo de Dinamización Lingüística para incrementar o uso do galego no Centro:
  - \* Administración do Centro.
    - Información sobre tradutores, enlaces web e comunicados que lle poidan ser de utilidade
    - Participación en cursos de linguaxe administrativa.
  - \* Docencia.
    - Información permanente ao profesorado.
    - Campaña de sensibilización na utilización da lingua galega nas relacións persoais.
    - Participación en cursos de formación e de linguaxe específica.
    - Colocación de carteis de promoción nas salas de profesores.
    - Elaboración das carteleiras de aula, nas informacións, campañas, festivais...

- Elaboración das carteleiras dos corredores.
  - Animar e sensibilizar ao profesorado para que participe en todos os actos que salienten e motiven o uso do galego e o coidado especial da súa cultura.
  - Proporcionar aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades, actos e institucións culturais relacionadas co seu contorno lingüístico e animaráselles a participar nelas.
  - Animarase aos membros de toda a comunidade educativa a empregar o galego nas distintas actividades escolares que se desenvolvan durante o curso: celebracións, festivais... por ser a lingua oficial máis desfavorecida no noso contorno.
  - Traballaranse distintos aspectos da cultura tradicional e recopilarase información no entorno familiar e cultural, valorizando o respecto do noso patrimonio material e inmaterial.
  - Realizaranse actividades de animación á lectura: Maratóns de contacontos, celebración das diferentes conmemoracións.
  - Favorecer a recollida de materiais pedagóxicos en soporte papel e dixital, sobre todo informáticos para o uso nos encerados dixitais que se están completando nas distintas clases.
- \* Alumnado.
- Impartición dunha sesión semanal de Lingua extranxeira (en inglés) en Educación Infantil.
  - Participación en campañas, certames ...
  - Campaña de animación á lectura e o emprego e potenciación das linguas: proxecto lector, Letras Galegas...
  - Colaboración nas distintas actividades do centro: Exposicións, Páxina Web, Certames, concursos... Levar a cabo o servizo de préstamo da biblioteca mediante o establecemento de quendas e tamén adicando unha hora semanal por titoría para visita á biblioteca e cambio de libros. Tratarase de que haxa equilibrio nos préstamos en distintas linguas. Reforzarase a lecto-escritura nas diversas linguas.
  - Recuncho da biblioteca: nas aulas temos este recanto para que os/as nenos/as poidan gozar da lectura unha vez rematadas as súas tarefas
  - Celebración dos aniversarios (felicítamos con cancións en Inglés, castelán e galego) e das diferentes conmemoracións.

- Lectura trimestral dun libro en lingua castelá. Nos cursos máis elevados, farase lectura trimestral dun libro en Lingua Castelá.

\* Equipo de orientación

- Información de todo aquilo que lle poida ser de utilidade: curso, tradutores..

## **10. PROFESORADO E ALUMNADO IIMPLICADO.**

A participación do claustro é plena á hora de programar as actividades e de facer un seguimento do cumprimento dos obxectivos programados,

Despois dunha reflexión sobre o uso do castelán e a súa normalización consideramos a ter en conta os seguintes obxectivos:

- Fomentar un maior uso do castelán.

- Aumentar a competencia do alumnado no uso do castelán.

- Adquirir de forma oral e escrita a competencia lingüística propia en cada nivel e etapa nas dúas lingua oficiais de Galicia.

## **11. CONCLUSIÓN**

En resumo, ante a complexidade do proceso de ensino-aprendizaxe das linguas e do desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, o traballo illado do profesorado non é suficiente. É o centro, con todos os seus recursos e o seu potencial, quen pode desenvolver as estratexias para unha adecuada educación lingüística. A organización desta actuación, programada e coordinada, recibe o nome de Proxecto Lingüístico de Centro e do seu deseño, funcionamento e avaliación depende en gran medida o desenvolvemento persoal, social e académico do noso alumnado. O Proxecto Lingüístico de Centro convértese, así, nunha peza fundamental na partida pola construción dunha escola baseada nos principios de calidade e de equidade a través das linguas.

## **12. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DO PRESENTE PROXECTO.**

Este proxecto forma parte do Proxecto Educativo do Centro (PEC) e foi elaborado durante o curso 2016-2017 e realizando a última actualización en outubro de 2018.

Cada curso realizarase unha addenda cos resultados das enquisas ás familias do alumnado de Educación Infantil e as modificacións do curso anterior.

Será enviada unha copia por correo electrónico a todo o profesorado e posto a disposición de toda a comunidade educativa na nosa web.

# ANEXO I

## MODELO DE ENQUIISA PARA AS FAMILIAS

### COÑECEMENTO DO GALEGO

→ Sabes falar en galego?.

- Si
- Non.

→ Se algo está escrito en galego, entendes ben o que pon?.

- Si
- Non.

→ Na escola, con que lingua te entendes mellor?.

- Co galego.
- Co castelán.

→ Consideras importante o coñecemento e correcto uso da nosa lingua?.

- Si
- Non.

## USO DO GALEGO

→ En que lingua che falan os teus pais?.

- En galego.
- En castelán.
- Outras.

→ En que lingua che falan os teus avós?.

- En galego.
- En castelán.
- Outras.

→ En que lingua falas habitualmente na casa.

- En galego.
- En castelán.
- Outras.

→ Que lingua empregas habitualmente cos teus amigos?.

- O galego.
- O castelán.

Con esta enquisa agárdase obter valores que nos determinen a lingua de uso predominante dos nenos/as nas súas relacións familia-escola.



## ANEXO II

## MODELO DE ENQUISA PARA OS PROFESORES

→ Lingua habitual do mestre/a.

- So castelán.
- Predomina o castelán.
- Castelán e galego por igual.
- Só galego.

→ Capacidade do mestre/a para empregar o galego na actividade docente.

- Moi baixa.
- Baixa.
- Media.
- Alta.
- Moi alta.

→ Disposición do mestre/a para facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada.

- Ningunha.
- Pouca.
- Moderada.
- Boa.
- Plena.

→ Actitude cara a utilización do galego no ámbito educativo.

- Moi desfavorable.
- Desfavorable.
- Indiferente.
- Favorable.
- Moi favorable.

→ Actitude cara a normalización social do galego.

- Moi desfavorable.
- Desfavorable.
- Indiferente.
- Favorable.
- Moi favorable.

Con esta enquisa agárdase obter valores que determinen a dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego.